

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS "O PEIRAO"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.04.2024 ata o 16.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.0, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

A Federación Galega de Redeiras Artesás "O Peirao" pretende seguir coa liña de misións comerciais que comezou o ano pasado e, que deu lugar a que algunha das nosas asociacións colaborasen con axentes do sector marítimo-pesqueiro portugués. Queremos seguir afondando noutros mercados que nos poidan resultar de especial



interese para a nosa profesión e explorar os mesmos na procura de oportunidades laborais para o colectivo.

Co proxecto deste ano 2024, consistente nunha misión comercial ao País Vasco e tras posibles derivacións ao Sur de Francia, pretendemos establecer contactos cos operadores implicados e crear sinerxías que nos permitan desenvolver colaboracións a presente e futuro, ampliando coñecementos e fortalecendo a nosa presenza en novos mercados e por ende ampliar a nosa cota de mercado.

Así a misión comercial levaríase a cabo coa visita ás localidades de Getaria, Orio e Hondarribia no País Vasco; unhas localidades en materia de reparación de redes e aparellos de pesca cunha vinculación moi forte con axentes do ámbito pesqueiro do sur de Francia, todas elas comunidades de ámbito pesqueiro, onde tras poñernos en contacto cos axentes ou operadores vinculados á nosa profesión, así como coas autoridades correspondentes na materia, pretendemos alcanzar acordos ou colaboracións para a procura de novos clientes e nichos de mercado que explotar polo colectivo e, asemade, facer unha labor divulgativa do traballo artesanal das nosas asociadas.

A través desta misión comercial preténdese a busca de acordos e ampliar coñecementos dende a perspectiva da cultura marítimo-pesqueira, que se ben ten aspectos en común, é ben certo que, dependendo da zona onde se desenvolve está dotada dunha idiosincrasia propia que suporía unha adquisición de coñecementos e técnicas novas que darían un valor engadido ao traballo das nosas profesionais.

Así, a través desta acción pretendemos mellorar a empregabilidade e empoderar ás traballadoras do colectivo que a integran co fin último de conseguir unha profesionalización real e efectiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria , en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

